



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL		<h2 style="color: blue;">Guía de intervención para a mellora</h2> <h3 style="color: blue;">Avaliación de diagnóstico de 2012</h3>	
CURSO 2012-13			
Data de aprobación:		Órgano:	Consello Escolar
Lexislación:			

### Índice

0. Análise de resultados.....	1
1. Diagnóstico da situación: puntos fortes e débiles.....	5
2. Proposta de accións de mellora.....	6
2.1. Respecto ao currículo:.....	6
2.2. Respecto á práctica docente:.....	7
2.3. Outros factores:.....	7

Esta guía foi elaborada durante o curso 2012/13 a partir dos resultados das probas realizadas en maio de 2012 ao alumnado de 2º do curso 2011/12.

### 0. Análise de resultados

Este ano o noso centro pasou de pertencer ao grupo ISEC medio ao tramo medio baixo, que constitúe unha categoría inexistente en anos anteriores. Vistos dende un punto de vista global, ao contrario que en anos anteriores os resultados do noso centro si presentan diferenzas significativas coa media de Galicia (establecida sempre en 500) e coa media do noso grupo nas competencias en comunicación lingüística e no coñecemento e na interacción co mundo físico mais non na competencia matemática.

A efectos de comparación entre as avaliacións anteriores (outubro de 2009 e maio de 2011) e esta (maio de 2012) consideramos preferíbel usar a media de Galicia porque o cambio de grupo ISEC impide establecer comparacións. En todos os casos, tanto no global das competencias como nos seus elementos, a media de Galicia é superior á do grupo ISEC.

É preciso chamar a atención sobre o feito de que descoñecemos como se realiza o cálculo dos elementos de cada competencia e que resulta chamativo que a puntuación transformada da competencia no coñecemento e interacción co mundo físico sexa superior ás puntuacións medias de cada un dos elementos da competencia.

#### **Competencia en comunicación lingüística**

	Puntuación directa	Puntuación transformada	Media ISEC
2009	12,3	492	473 (Grupo baixo)
2011	11,0	478	497 (Grupo medio)
2012	12,7	515	492 (Grupo medio baixo)



*Elementos da competencia*

	Puntuación media				Media ISEC		
	2009	2011	2012	Diferenza coa avaliación anterior	2009	2011	2012
Comprensión lectora	483	466	521	+55	475	497	495
Comprensión oral	485	498	543	+45	481	499	495
Expresión escrita	515	489	491	+2	482	497	491

Os resultados mostran que hai mellora en todos os elementos da competencia, especialmente na comprensión lectora, e que comprensión oral é o elemento máis forte. En todos eles superamos a media do grupo ISEC, excepto na expresión escrita, na que o igualamos, e que constitúe o único no que non superamos a media de Galicia. Chama a atención que a comparación coa media de Galicia é a inversa de 2009.

En todos os casos a puntuación directa supera o 10 (sobre 20).

**Competencia matemática**

	Puntuación directa	Puntuación transformada	Media ISEC
2009	7,2	496	475 (Grupo baixo)
2011	8,8	488	498 (Grupo medio)
2012	11,3	549	488 (Grupo medio baixo)

*Elementos da competencia*

	Puntuación media				Media ISEC		
	2009	2011	2012	Diferenza coa avaliación anterior	2009	2011	2012
Álgebra	522	469	539	+70	486	498	491
Contidos comúns	526	526	515	-11	490	498	495
Estatística e probabilidade	550	491	488	-3	487	497	493
Funcións e gráficas	456	493	539	+46	491	498	490
Números	470	491	540	+49	477	498	490
Xeometría	508	481	568	+87	482	500	492



Os resultados mostran que se supera por primeira vez a media de Galicia. Por elementos da competencia, destacan a mellora en xeometría e en álgebra. Excepto en estatística e probabilidade, no que nen chegamos á media do grupo ISEC, en todos os demais superamos a media de Galicia. Tamén se baixou nos contidos comúns.

Por vez primeira superamos o 10 (sobre 20) na puntuación directa.

### **Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico**

	Puntuación directa	Puntuación transformada	Media ISEC
2011	7,6	462	500 (Grupo medio)
2012	12,7	570	493 (Grupo medio baixo)

#### *Elementos da competencia*

	Puntuación media		Diferenza coa avaliación anterior	Media ISEC	
	2011	2012		2011	2012
A Terra e o Universo	503	547	+44	501	496
Ciencia, tecnoloxía e sociedade. A investigación científica. A explicación científica	445	554	+109	499	496
Materia e enerxía	473	567	+94	498	493
Os seres vivos. A contorna próxima e a súa conservación	484	539	+55	501	496

Os resultados da avaliación desta competencia mostran que superamos a media de Galicia en todos os seus elementos e especialmente que tivemos unha mellora impresionante en “Ciencia, tecnoloxía e sociedade. A investigación científica. A explicación científica” (no que a nota fora moi baixa na avaliación anterior), máxime sabendo que en ningún caso tampouco a media do grupo ISEC supera a de Galicia. O elemento no que mellor puntuación se obtén é “Materia e enerxía”.

Non comprendemos a relación entre a puntuación transformada (570) e as puntuacións medias de cada un dos compoñentes.



### Vista xeral de todas as competencias

	IES Lamas de Castelo			Media ISEC		
	Matemática	Lingüística	Coñecemento e interacción co mundo físico	Matemática	Lingüística	Coñecemento e interacción co mundo físico
2009	496	492	-	475	473	-
2011	488	478	462	498	497	500
2012	549	515	515	488	492	493

A comparación entre as competencias mostra que a matemática é, igual que o ano pasado, na que mellores resultados se obteñen.

A Consellería de Educación fai a seguinte distribución dos promedios globais do centro e de Galicia en cinco niveis de rendemento nesta avaliación e na anterior:

	Lingüística				Matemática				Coñecemento e interacción co mundo físico			
	2011		2012		2011		2012		2011		2012	
	LdC	Gal	LdC	Gal	LdC	Gal	LdC	Gal	LdC	Gal	LdC	Gal
Nivel 5	0	10	<b>0</b>	8	0	8	<b>0</b>	7	0	8	<b>9</b>	7
Nivel 4	13	21	<b>32</b>	23	22	20	<b>32</b>	17	8	21	<b>36</b>	18
Nivel 3	31	28	<b>27</b>	26	35	29	<b>59</b>	32	42	32	<b>50</b>	38
Nivel 2	43	23	<b>41</b>	26	35	28	<b>9</b>	27	42	25	<b>5</b>	21
Nivel 1	13	18	<b>0</b>	17	8	15	<b>0</b>	17	8	14	<b>0</b>	16

Poderíanse establecer as medias seguintes:

2,44	2,82	<b>2,91</b>	2,79	2,71	2,78	<b>3,23</b>	2,70	2,50	2,84	<b>3,49</b>	2,57
------	------	-------------	------	------	------	-------------	------	------	------	-------------	------

Os feitos máis relevantes que se deducen son os seguintes:

1. O alumnado non acada o nivel 5 en ningunha competencia en ningún ano a excepción da competencia en “Coñecemento e interacción co mundo físico” en 2012, en que a acada o 9%. O promedio de Galicia oscila entre o 7% e o 10%.
2. O nivel mínimo en todas as competencias en 2012 é o nivel 2. O promedio de Galicia para o nivel 1 está entre o 16% e o 17%.
3. O nivel do noso alumnado é, en consecuencia, bastante homoxéneo.
4. Por ser un instituto con moi pouco alumnado, a análise ano a ano é moi sensíbel á variación na matrícula e hase producir sempre unha gran variabilidade, aleatoria e non necesariamente relacionada coa intervención pedagóxica.



## 1. Diagnóstico da situación: puntos fortes e débiles

### **Consideracións xerais**

Os resultados obtidos por este grupo de 2º de ESO na avaliación de diagnóstico melloran bastante os do curso anterior, pero para isto hai que ter en conta que o curso anterior fora especialmente malo, como xa se fixo notar na guía do curso anterior. Con todo,

O paso ao grupo ISEC medio baixo confirma a análise feita o ano anterior, cando intuíamos que estaríamos na parte baixa do grupo ISEC medio pero dificulta igualmente a comparación.

Vistos desde un punto global, obsérvase que superamos a media de Galicia en once elementos de competencia dos trece contemplados (en 2011 só foron dous e en 2009 foron cinco de nove); o grupo ISEC non superou ningún deles (en 2011 foron tres e en 2009 foron sete de nove).

Na análise por competencias imos considerar os puntos fortes e os débiles tendo en conta a puntuación transformada da maneira na que o vimos facendo estes anos:

Puntos fortes:

- Moi satisfactorio: Superior á media de Galicia
- Satisfactorio: Superior á media do grupo ISEC

Puntos débiles:

- Insatisfactorio: Transformada inferior á media de Galicia e superior á media do grupo ISEC
- Moi insatisfactorio: Inferior á media do grupo ISEC
- Especialmente insatisfactorio: Inferior á media de Galicia en máis de 2% (puntuación transformada inferior a 480)

### **En relación co dominio da competencia en comunicación lingüística**

Puntos fortes: Son moi satisfactorias a “Comprensión lectora” e a “Comprensión oral”.

Puntos débiles: É insatisfactoria a “Expresión escrita”

### **En relación coa competencia matemática**

Puntos fortes: Son moi satisfactorias: Álgebra, Contidos comúns, Funcións e gráficas, Números e Xeometría.

Puntos débiles: Son moi insatisfactorias: estatística e probabilidade.

Vistos os puntos considerados débiles en avaliacións de diagnóstico anteriores, a programación de Matemáticas foi modificada para adiantalos no tempo. É posíbel que esta simple reorganización pode ter tido unha influencia positiva nos resultados.

### **En relación coa competencia no coñecemento e interacción co mundo físico**

Puntos fortes: Todos.



## 2. Proposta de accións de mellora

### 2.1. *Respecto ao currículo:*

#### *Competencia en comunicación lingüística*

**Acción 1:** Con respecto á práctica docente potenciarase a expresión escrita.

**Acción 2:** Incluír a execución de destrezas relacionadas coa expresión escrita dos niveis 3, 4 e 5, como son as seguintes:

1. Usar conectores de orde, explicativos e de contraste.
2. Utilizar vocabulario e terminoloxía específica.
3. Expresar opinións e xuízos propios baseada en datos con argumentos razoados.
4. Escribir utilizando correctamente os tempos e as concordancias verbais.
5. Utilizar o rexistro adecuado.
6. Valorar a importancia da planificación dun texto.
7. Utilizar recursos para explicar causas e consecuencias.
8. Encadear axeitadamente as ideas.
9. Utilizar correctamente os signos de puntuación.

**Acción 3:** Seguir traballando as técnicas de estudo nas horas de titoría.

**Acción 4:** Darlle prioridade ás actividades de expresión escrita en materias como Atención Educativa e Proxecto Interdisciplinar.

#### *Competencia matemática*

**Acción 1:** Reforzar e ampliar os contidos correspondentes a estatística e probabilidade na programación didáctica do Departamento de Matemáticas.

**Acción 2:** Incluír actividades relacionadas coa adquisición das habilidades relacionadas nas programacións doutros departamentos.

**Acción 3:** Incluír a execución de destrezas relacionadas coa expresión escrita dos niveis 4 e 5, como son as seguintes:

1. Utilizar a linguaxe alxébrica para simbolizar situacións da vida cotiá.
2. Empregar números e as súas propiedades para intercambiar información.
3. Utilizar conceptos básicos de xeometría para abordar situacións e problemas da vida cotiá.
4. Obter valores a a partir das relacións funcionais.
5. Empregar números decimais para intercambiar información.
6. Obter relacións de dependencia entre variábeis relacionadas.
7. Aplicar o coñecemento xeométrico adquirido para describir o mundo físico.
8. Analizar unha gráfica e relacionar os resultados desa análise co significado das variábeis.
9. Utilizar estratexias e resolver problemas mediante a análise do enunciado.
10. Comprobar a coherencia das solucións obtidas.



### *Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico*

**Acción 1:** Manter a lectura e análise de textos relacionados coa ciencia, a tecnoloxía e a sociedade en todas as materias, facendo fincapé na relevancia da investigación científica e nas características da explicación científica.

**Acción 2:** Incluír a execución de destrezas relacionadas coa expresión escrita dos niveis 4 e 5, como son as seguintes:

1. Recoñecer os estados nos que se presenta a materia e os seus cambios.
2. Resolver problemas aplicando os coñecementos sobre equilibrio e desequilibrio térmico.
3. Valorar a importancia do papel protector da atmosfera para os seres vivos, considerando as repercusións da actividade humana na mesma.
4. Interpretar a información de carácter científico e utilizala para formarse unha opinión propia e expresarse adecuadamente.
5. Describir o funcionamento de obxectos e aparatos simples e a forma de utilizalos con precaución.
6. Describir as propiedades básicas dos materiais técnicos e as súas variedades comerciais.
7. Elaborar e comunicar conclusións en experiencias científicas sinxelas.
8. Estabelecer procedementos para describir as propiedades dos materiais que nos rodean, tales como a masa ou o volume.
9. Describir as propiedades dos materiais que nos rodean e os seus cambios.
10. Reflexionar sobre as implicacións sociais dos desenvolvementos científicos e tecnolóxicos.

## **2.2. *Respecto á práctica docente:***

### *Competencia en comunicación lingüística*

**Acción 1:** Realizar máis actividades de expresión escrita na aula e na casa.

**Acción 2:** Convocar certames de expresión escrita non só de tipo literario.

### *Competencia matemática*

**Acción 1:** Traballar incluíndo datos estatísticos e de probabilidade en todas as áreas.

### *Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico*

**Acción 1:** Continuar empregando textos relacionados coa ciencia, a tecnoloxía e a sociedade, facendo fincapé na relevancia da investigación científica e nas características da explicación científica.

## **2.3. *Outros factores:***

### *Respecto á organización e funcionamento do centro*

**Acción 1:** Utilizar as probas de avaliación inicial de 1º de ESO como avaliación interna do noso centro coa finalidade de detectar dificultades e establecer as medidas e apoios necesarios.

**Acción 2:** Aumentar, en consonancia coa acción anterior, a coordinación cos centros adscritos para facilitar o tránsito dunha etapa a outra, tentando que non haxa tanto desfase curricular entre o último curso de Primaria e o 1º de ESO.



**Acción 3:** Reorganizar os apoios nos primeiros cursos e incluír a presenza da profesora de PT na aula.

*Respecto á titoría:*

**Acción 1:** Realizar actividades de fomento da lectura e de expresión escrita en coordinación co equipo de biblioteca.

**Acción 2:** Dentro do Plan de Acción Titorial e no apartado de técnicas de estudo, facer actividades de composición oral e escrita con dinámicas de grupo.

*Respecto á convivencia:*

**Acción 1:** Seguir coa aplicación da circular 8/2009 de medidas de atención á diversidade.

*Respecto á familia e o entorno:*

**Acción 1:** Continuar coa escola de pais para implicar as familias no proceso educativo.

*Outras propostas*

**Acción 1:** Realizar un simulacro de realización das probas.

Carnota, 29 de xaneiro de 2013

Vº e Pr.: O presidente do Consello Escolar

Francisco José Calvo Rúa

A secretaria do Consello Escolar

Roberto Rey Lago  
Secretario accidental